



OS OFICIOS DA MÚSICA

A música é unha arte, pero tamén é un oficio ao que se dedican moitas persoas para gañar o sustento. A música, como arte en xeral, é unha actividade desinteresada. Esta postura idealista refírese fundamentalmente aos seus motivos máis profundos, pero nesta, como en calquera outra profesión, é posible e desexable unir a vocación persoal á rendibilidade. O traballo ben feito é froito dun afán persoal de superación, aínda que o recoñecemento persoal suporía un importante estímulo engadido.

A diferenza entre o profesional e o afeccionado non é tanto de grao como de salario: o profesional cobra polo que fai e o afeccionado non cobra ou incluso paga. A especialización conduciu á segregación de compositores, intérpretes e oíntes, pero son moitos máis os oficios relacionados coa música. Detrás duna orquestra sinfónica, dun teatro de ópera, dunha actuación multitudinaria ou dun disco, hai un gran equipo de profesionais sen os cales o resultado visible non sería posible. Case todos eles teñen que ter coñecementos musicais.

A Composición

O primeiro e máis importante para que exista unha actividade musical é crear a música. Na tradición oral e nas súas manifestacións máis antigas, a música era resultado anónimo do facer colectivo. En tempos máis recentes, a función de crear música personalizouse e especializouse enormemente. A creación musical máis libre é aquela que non responde a encargos nin a outras condicións que poidan coartar a fantasía. Este é o caso dos compositores que máis se comprometen coa creación para descubrir novos camiños. En moitos casos, estes creadores tiveron que sobre-relacionados coa música, como a do-

Os compositores teñen dereito a da súa obra, xa sexa en partituras, dis- ou calquera outro medio. En tempos pa- bra estes beneficios económicos, pero e de todo iso, correspóndelles unha dereitos ata setenta anos despois pasan a dominio público por lei. As res encárganse de controlar e dunha rede mundial. En España, a res conta con 53000 socios.

En casos contados, os com- cargo remunerado ou algún premio compositores traballaban sempre por res que atenden a demanda da música in- sión, conseguen grandes beneficios eco- compoñer músicas adaptadas a cada e a uns requisitos técnicos moi específi- creatividade, pero a reiterada propagación bos dereitos de autor. En algúns conservatorios estranxeiros existe unha especialidade para estudar composición aplicada aos medios.

O traballo de composición non sempre é creativo, tamén pode consistir en adaptar, orquestrar ou arranxar temas musicais de outros. Algúns temas son compostos por músicos que só crean a melodía.

Para ser compositor necesítase musicalidade, oído e boa memoria. En segundo lugar fai falla ter estilo, técnica e paciencia. Ademais, o compositor debe saber promoverse e debe dedicar a esta tarefa case tanto tempo como á creación. Por motivos de discriminación sexual, aínda son poucas as mulleres compositoras, aínda que o seu número vai en aumento

percibir unha remuneración pola difusión cos, concertos, retransmisións, gravacións sados, os creadores non tiñan control so- afortunadamente hoxe xa non sucede isto, porcentaxe. Os herdeiros conservan os da morte do autor, e despois as obras asociacións ou sociedades de auto- xestionar estes dereitos a través Sociedade Xeral de Autores e Editores

positores tamén poden recibir un en- polo seu labor. Ata o século XIX os encargo; hoxe en día os composito- cidental para cine, radio ou televi- nómicos; o seu labor consiste en xénero, a unhas duracións prefixadas cos. Sacrifican parte da súa propia da súa música recompénsalles cun



OS OFICIOS DA MÚSICA

e a súa presenza é cada día máis importante. Os movementos feministas rescataron nomes de compositoras como Beatriz de Día, María Martínez, María Malibrán, Clara Wieck...

A Interpretación

A imaxe do intérprete sóese identificar coa do gran virtuoso, que é o que máis chama a atención. O mérito do virtuoso consiste en sobresaír dentro da profesión, por iso son unha elite entre os músicos. Estes intérpretes soen facer carreira como solistas para exhibir ao

máximo todas as súas facultades. Os instrumentos melódicos ou cantantes contan sempre con colaboración de pianistas acompañantes.

Para alcanzar a cima do virtuosismo é necesario ter grandes facultades musicais e grandes dotes para a actuación en público. Os virtuosos soen cultivar unha imaxe excéntrica para distinguirse aínda máis. O virtuosismo é un fenómeno que produce admiración e rexeitamento ao mesmo tempo.

Ademais dos virtuosos, hai outros profesionais da interpretación que son tamén grandes artistas. Poden ser concertistas ou membros de diversas agrupacións.



Sóeselles chamar músicos de atril, porque, a diferenza dos solistas, non tocan de memoria, senón lendo a partitura posta no atril.

Nos últimos anos creáronse moitas orquestras sinfónicas en España grazas ao apoio das administracións autonómicas e locais, xerando unha oferta laboral estable. Tamén se fundaron orquestras xuvenís, que serven para completar a formación dos futuros músicos profesionais. Dentro dos profesores de orquestra existen diversas categorías. O concertino é o primeiro violín e xefe da orquestra. Cada corda e sección soe ter ademais un xefe propio, encargado de revisar os materiais e de coordinar ensaios parciais se fosen necesarios.

O Comercio e fabricación de instrumentos.

As actividades musicais xeran unha importante actividade comercial, sobre todo de venda de pianos, instrumentos electrónicos e informática musical. Ademais de vender os seus produtos, as tendas de instrumentos e partituras asesoran aos seus clientes. Hai vendedores especializados que fan demostracións de instrumentos e dos novos inventos que a electrónica vai poñendo en circulación.

No campo dos instrumentos musicais tamén exercen a súa profesión os afinadores, os técnicos reparadores, os restauradores e os fabricantes. En España fábrícanse especialmente guitarras e instrumentos folclóricos. Tamén hai construtores de órganos de tubos, continuadores da tradición hispana. Os construtores de instrumentos de corda denomínanse "luthiers" e son persoas que seguen construíndo instrumentos musicais coas súas propias mans. É frecuente a compra-venda de instrumentos de segunda man, que serven durante moitos anos e a veces séculos.